

*Mobilidade Matosinhos
Erasmus +
CFR de A Coruña
11 ao 14 de maio*

Ana María Regueira Lavandeira
CEIP P.Wenceslao Fernández Flórez
A Coruña



**Cofinanciado por
la Unión Europea**

Centros educativos visitados

- E.B.Eng.Fernando Pinto de Oliveira
- E.B. da Lomba



Escola Básica en Portugal

En Portugal, a Escola Básica é o modelo de Ensino para nenos e nenas de 3 a 15 anos. Abarca un total de 12 anos de escolaridade e divídese en 4 ciclos ben diferenciados:

- *Preescolar (3 a 6 anos) non obrigatoria.*
- *1.º Ciclo (1.º a 4.º curso - 6 a 10 anos): Corresponde á etapa Primaria Básica. O aprendizaxe se centra nas competencias troncales (lectura, escritura e matemáticas) e normalmente é impartido por un solo mestre xeral.*
- *2.º Ciclo (5.º y 6.º curso - 10 a 12 anos): Os alumnos/as comenzan a ter profesores especialistas por materia.*
- *3.º Ciclo (7.º a 9.º curso - 12 a 15 anos): Os estudantes reciben un currículo máis académico que inclúe asignaturas de ciencias, artes e idiomas extranxeros.*

En detalle...



A rede de Escolas Básicas públicas é gratuita e está altamente descentralizada.



Para mellorar a autonomía e a xestión de recursos, o Ministerio de Educación portugués organiza estes centros en Agrupamentos de Escolas (agrupacións que comparten dirección e recursos dentro d'una mesma zona xeográfica, desde preescolar ata secundaria).



A Cámara (concello) colabora de forma moi activa co Ministerio aportando recursos humanos (profesores de música, Artes, Inglés, ciencias e Educación Física nos ciclos iniciáis coma materias non curriculares) instalacións, mantemento, material e alimentos (froita e leite).



A materia de lingua inglesa impartese a partires de 3º de Primaria e a de Relixión e Educación Física a partires 5º de Primaria.



Profesionais de Educación Especial prestando apoio dentro da aula.



Nos Agrupamentos dispoñen de un equipo multidisciplinar de psicólogos, fisioterapeutas e terapeutas ocupacionais e da fala.

E.B.Eng.Fernando Pinto de Oliveira

SEDE DO AGRUPAMENTO

ALUMNADO: 1200 NENOS/AS de 3 A 15 ANOS

PROFESORADO: 120 DOCENTES

XORNADA PARTIDA

RATIO: HASTA 21 CON ALUMNADO NEAE 26 SIN ALUMNADO NEAE

INSTALACIÓNS AMPLIAS E DIÁFANAS



AGRUPAMENTO DE ESCOLAS
ENG. FERNANDO PINTO DE OLIVEIRA



En detalle...

Centro de referencia en Educación Especial

Aula específica

1 psicólogo/a

1 Terapeuta Ocupacional

1 Terapeuta da fala

2 Auxiliares técnicos educativos

Actividades en familia (Ioga)

7 Alumnos/as con discapacidad grave este curso



PROXECTOS

Educación para a Saúde

Deporte Escolar

Vida con Arte

Horta Pedagóxica

Ler máis e mellor

Ciencia na Escola

Eco-Escolas

Feira Medieval



*biblioteca
auditorio
pistas deportivas exteriores
pabellón deportivo
cocina/comedor
cafetería
parque infantil
laboratorio
sala de apoio especializado
horta
gabinete de psicoloxía
sala de estudo
aula de informática
sala de mestres/as
cartéis pictogramas*



E.B. Da Lomba

ESCOLA BÁSICA

AGRUPAMENTO IRMÃOS PASSOS

ALUMNADO: 74 NENOS/AS de 3 A 9 ANOS

PROFESORADO: 6 DOCENTES

XORNADA PARTIDA

AULAS POCO NUMEROSAS

FALTA MATRÍCULA

INSTALACIONES AMPLIAS E DIÁFANAS



En detalle...

Escola rural

Pouco alumnado

Este curso non tiveron matrícula en 1º de Primaria e
continúan a perder alumnado

Proxecto Profesionales do Mar

Participan nas actividades conxuntas do Agrupamento

1 terapeuta da fala

1 profesora de apoio


Asamblea en Prescolar



Entramos no aula de Preescolar com 17 alunos/as de entre 3 a 5 anos e participamos na Assembleia.

Axudamos aos de 3º de Primaria a fazer unha manualidade.





*biblioteca
sala terapeuta
sala material pedagógico
horto*



*parque infantil
comedor
gimnasio*



Tomando un

O Ensino en Portugal é menos tecnolóxico que en España.

Utilizan como principal recurso o libro de texto.

A Cámara (concello) colabora activamente cós recursos do Ensino.

Percibín escasez de recursos humanos e de material de apoio nas aulas.

O alumnado nos centros visitados é tranquilo e receptivo.

As instalacións son prácticas, cuidadas e bonitas.

As condicións laborais dos docentes son mellorables: máis horas lectivas e menor salario que en España, xornada partida e acceso por concurso a plaza (non hai oposicións).

Os compañeiros/as protuguesas acolléronnos con moita amabilidade e aprecio.



O meu grupo de traballo estaba formado polas compañeiras:

Ángela (profesora de Educación Infantil de CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo), Belén (profesora do 1º Ciclo do CEIP Portofaro do Temple) e Carmen (profesora do CEIP Torre de Hércules de A Coruña).

Xuntas visitamos coma docentes galegas os centros educativos presentados e compartimos a vivencia, poñendo en común tanto as nosas observacións sobre a Escola portuguesa, coma as nosas inquedanzas sobre o Ensino en Galicia e sobre todo aproveitamos a oportunidade, ofrecida no Erasmus + de coñecer de primeira man, as prácticas educativas dun país que non é o propio, para reforzar habilidades e recoller outras intervencións educativas.